



## ¿CÓMO MEDIMOS A TEMPERATURA DO AIRE?

A seguinte figura mostra un **termómetro de mercurio**:



Trátase dun termómetro composto dun capilar con dúas columnas tendo cada unha delas dous testigos azuis no seu interior, que rematan na súa base nunha pequena esfera. As variacións de temperatura ó longo do día, farán que o mercurio se mova polo interior do capilar, arrastrando consigo ós testigos, que quedarán situados nos puntos onde a temperatura do día foi mínima ou máxima dependendo da columna.



Así, a temperatura máxima obtense da lectura do extremo inferior do testigo da columna da dereita e a temperatura mínima obtense do extremo inferior do testigo da columna da esquerda.

Unha vez rexistradas as temperaturas cómpre preparar o termómetro para unha nova medida, para iso púlsase o botón que hai entre as dúas columnas do capilar ata que os testigos estean en contacto cos extremos do mercurio.

O tipo de **termómetro dixital** que empregamos pódese ver na seguinte imaxe:



Na parte superior mostrase a temperatura máxima desde a última vez que se pulsou o botón de “clear”. Da mesma forma, na parte inferior pódese ver a temperatura mínima. Na parte central aparece a temperatura actual. Este tipo de termómetro permite cambiar entre grados Celsius e Fahrenheit.

**MeteoGalicia**

**Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático  
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**